

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A REAL FEDERACIÓN
ESPAÑOLA DE PIRAGÜISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA
DEPORTIVO DE TECNIFICACIÓN ESTATAL NO CENTRO GALEGO DE
TECNIFICACIÓN DEPORTIVA**

(1) Esta consellería, Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de deporte.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a regulación e fomento do deporte e aos deportistas de alto nivel de Galicia e establecer e, no seu caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma.

(2) Antecedentes:

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Conforme o artigo 5.1, da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, nos seus apartados m) e q), correspóndelle á Administración autonómica a regulación e fomento do deporte e aos deportistas de alto nivel de Galicia e establecer e, no seu caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia é titular do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en diante CGTD), adscrito á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, clasificado polo Consello Superior de Deportes como centro de tecnificación, en virtude da Resolución do 27 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Deportes, pola que se clasifican as instalacións e os programas deportivos para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e de competición (BOE nº 137, do 6 de xuño).



A Real Federación Española de Piragüismo é unha entidade de utilidade pública que goza de personalidade xurídica e capacidade de obrar propias para o cumprimento dos seus fins, que se rexe pola Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Ademais das súas competencias propias de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación do piragüismo, exerce, entre outras, as funcións públicas de carácter administrativo de deseñar, elaborar e exercer, en colaboración, no seu caso, coas Federacións de ámbito autonómico, os plans de preparación dos atletas de alto nivel e as listas anuais dos mesmos.

No CGTD desenvólense, de forma coordinada coas correspondentes federacións galegas, distintos programas deportivos de tecnificación e alto rendemento, entre os que se atopa o Programa deportivo de Tecnificación na modalidade deportiva de Piragüismo.

É do interese da Secretaría Xeral para o Deporte o mantemento do recoñecemento do programa de tecnificación na modalidade de Piragüismo Sprint como Programa Deportivo de tecnificación estatal, de conformidade cos requisitos da Resolución do 2 de xullo de 2025, do Consello Superior de Deportes, pola que se definen as instalacións e programas deportivos do deporte de alto nivel e establécense os criterios para a súa clasificación, a efectos da concesión de subvencións (BOE nº 173, do 19 de xullo).

A este fin, e en atención do estipulado artigo sexto, apartado 1, j) da referida Resolución do Consello Superior de Deportes (en diante C.S.D), é preciso a concorrencia -xunto con outros requisitos- dun convenio de colaboración coa Real Federación Española de Piragüismo, interesada tamén na devandita cualificación. Para estes efectos, o 10 de abril de 2025 asinouose un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Real Federación Española de Piragüismo para o desenvolvemento dun programa deportivo de tecnificación estatal na modalidade de piragüismo (programas de Sprint e Slalon) no CGTD, con vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

Actualmente, tras a resolución da convocatoria regulada pola Orde do 4 de xuño de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas, en réxime de concorrencia competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2025/2026, publicada no Diario Oficial de



Galicia nº 115, do 18 de xuño, o grupo de tecnificación na modalidade deportiva de Piragüismo está constituído por 24 deportistas e 2 adestradores.

Que por Resolución do 6 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Deportes do CSD, pola que se clasifican novos centros e programas deportivos e regularízase a rede de centros estatal do ano 2025 (BOE nº 118, do 16 de maio), aprobouse a clasificación, entre outros, do Programa deportivo de Tecnificación estatal de Piragüismo Sprint no CGTD de Pontevedra.

(3) **Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Real Federación Española de Piragüismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

O obxecto do convenio é establecer a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, coa Real Federación Española de Piragüismo, co fin de dotar ao programa de tecnificación da modalidade deportiva de Piragüismo (Programa de Sprint) dos requirimentos necesarios para a súa clasificación como Programa Deportivo de Tecnificación Estatal, conforme aos criterios establecidos na Resolución do 2 de xullo de 2025, do Consello Superior de Deportes, pola que se definen as instalacións e programas deportivos do deporte de alto nivel e establécense os criterios para a súa clasificación, a efectos da concesión de subvencións.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

É do interese da Secretaría Xeral para o Deporte o mantemento do recoñecemento do programa de tecnificación na modalidade de Piragüismo Sprint como Programa Deportivo de Tecnificación Estatal, de conformidade cos requisitos da Resolución do 2 de xullo de 2025, do Consello Superior de Deportes, pola que se definen as instalacións e programas deportivos do deporte de alto nivel e establécense os criterios para a súa clasificación, a efectos da concesión de subvencións.



A este fin, e en atención do estipulado no artigo sexto, apartado 1, j) da referida Resolución do 2 de xullo do C.S.D., é preciso a concorrencia -xunto con outros requisitos- dun convenio de colaboración coa Real Federación Española de Piragüismo, interesada tamén na devandita cualificación. Para estes efectos, é do interese de ámbalas dúas partes a renovación da colaboración para o mantemento no ano 2026 do Programa deportivo de Tecnificación estatal de Piragüismo Sprint no CGTD de Pontevedra.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o deporte
Roberto García Fernández
(*documento asinado dixitalmente*)

